Lingua feroesa


Na Galipedia, a Wikipedia en galego.

O **feroés**[1] (chamada polos nativos *føroyskt*), é unha lingua do grupo indoeuropeo da familia xermánica, de orixe continental, falada polo pobo feroés. O feroés é, xunto co islandés e o extinto *norreno*, é unha das linguas máis próximas ó noruegués antigo, de xeito que entre eles se poden entender (aínda que lles parece respectivamente un pouco ridículo) e teñen un alto grao de comprensión das outras linguas escandinavas. É a lingua oficial das illas Feroe (que quere dicir *illas das ovellas*, falada polos 47.000 habitantes das illas máis cerca de 12.000 feroeses na Dinamarca.

Feroés 'føroyskt'	
Pronuncia:	[ˈføːɹɪst]
Falado en:	Illas Feroe (Dinamarca)
Rexións:	Illas Feroe
Total de falantes:	60.000–80.000
Familia:	Indoeuropea Xermánica Setentrional Escandinava Occidental **Feroés**
Escrita:	Alfabeto latino
Estatuto oficial	
Lingua oficial de:	Illas Feroe
Regulado por:	Føroyska málnevndin (http://www.fmn.fo/malnevndin/about.htm)
Códigos de lingua	
ISO 639-1:	fo
ISO 639-2:	fao
ISO 639-3:	fao (http://www.sil.org/iso639-3/documentation.asp?id=fao)
SIL:	FAE

Índice

Historia



V. U. Hammershaimb, padre, político e lingüista feroés, creador da moderna lingua feroesa escrita, representado nun selo das illas Feroe.

O feroés deriva do noruegués antigo falada polos poboadores noruegueses que se estableceron nas Illas Feroe no século IX. Como nestas illas non houbo unha era viquinga nin fontes medievais, coñécese pouco sobre seu desenvolvemento ata antes da Reforma. Durante a reforma, a lingua nas Feroe foi o dinamarqués, sendo esta lingua ata o século XIX o medio de transmisión da lingua escrita nas illas.

Os únicos resquícios de feroés da época anterior á Reforma son documentos épicos medievais realizados por copistas nativos (aprox. século XVI), uns poucos fragmentos de cancións do século XVII e documentos épicos ocasionais en escritos dinamarqueses (séculos XVI e XVII).

A lingua nativa das illas (independentemente do seu status anterior á Reforma) convertérase no final do século XVI en pouco máis que unha lingua familiar e de traballo. Os asuntos públicos, relixiosos e legais eran tratados en dinamarqués, alén do uso ocasional do noruegués antigo nalgúns manuscritos legais ou copias dos mesmos.

Por tanto, o coñecemento da evolución da lingua nas illas Feroe, da súa ocupación ata as primeiras tentativas de se gravar por escrito os textos orais da lingua nativa, nos anos finais do século XVIII, é moi escaso. Debido á falta de status oficial no período posterior á Reforma o feroés sufriu unha serie de consecuencias, sendo unha delas a forte influencia do dinamarqués, especialmente no léxico.

A súa ortografía, estabelecida a mediados do século XIX, debe moito ao antigo noruegués e un pouco ao islandés, tendo estas linguas influencia na morfoloxía, sintaxe e léxico do feroés escrito. Aínda que cada poboado feroés teña as súas propias características no estilo da lingua, a comprensión mutua é total, e a capital, Tórshavn (*porto de Tor*), converteuse no centro lingüístico das illas, do que se pode supoñer que co pasar do tempo a lingua falada nesta cidade se converta na variante normativa.


A lingua escrita foi definida polo lingüista e folclorista feroés Venceslaus Ulricus Hammershaimb en 1846. En 1912 foi autorizada para uso nalgunhas escolas e igrexas e en 1938 converteuse na única lingua para ensino nas escolas, no lugar do dinamarqués.

Datos

O feroés é a lingua materna de cerca de 47 000 habitantes das illas Feroe, un grupo de 18 illas no Atlántico norte, a medio camiño entre a Escocia e a Islandia, constituíndo, xunto co dinamarqués, as linguas oficiais do país. Estas illas perteceron á coroa norueguesa ata 1816, cando pasaron ao dominio da coroa dinamarquesa, recibindo un status semi-independente en 1948.

Dialectos

A partir do século XVIII, polo menos, o feroés experimentou unha considerable variación lingüística. Foron definidas as fronteiras dialectais básicas, nas que cada poboado conta cunha forma de falar propia e definida. A maioría das diferenzas obsérvase na orde fonolóxica, aínda que non existan problemas de incomprensión mutua; ao contrario, cada persoa usa a súa propia variedade da lingua sen que ocorran dificultades de entendemento.



Principais isoglosas e dialectos do feroés. **Dialecto nordinsular** en azul, **dialecto de Tórshavn** en verde e en vermello **dialecto surinsular**.

Debido á imposición do dinamarqués como lingua oficial, non se elaborou unha forma normativa de feroés, nin tampouco está claro que iso sexa feito no futuro. Dende 1958, un instituto de linguas (e posteriormente un comité lingüístico) observa a evolución do feroés, tendo as actividades desta institución orientado o seu traballo a purificar a lingua da influencia dinamarquesa e doutros elementos estranxeiros, o que pode ser considerado un posible formato para unha futura lingua padrón.

Escrita


En contraste co islandés, o feroés non posuíu tradición escrita ata recentemente. Os textos máis antigos, excepto algunhas características feroesas en textos noruegueses, son tres cancións de 1773. Desde o século XIX a lingua feroesa deixou de ser unha lingua soamente falada para ser unha lingua ensinada na escola, dos xornais, igrexas e radios, alén da administración pública.

Fonoloxía

Vogais

Grafema	Nome	Curta	Longa
A, a	*fyrra a* [ˈfɪɹːa ɛaː] ("leading a")	/a/	/ɛaː/
Á, á	*á* [ɔaː]	/ɔ/	/ɔaː/
E, e	*e* [eː]	/ɛ/	/eː/
I, i	*fyrra i* [ˈfɪɹːa iː] ("leading i")	/ɪ/	/iː/
Í, í	*fyrra í* [ˈfɪɹːa ʊiː] ("leading í")	/ʊi/	/ʊiː/
O, o	*o* [oː]	/ɔ/	/oː/
Ó, ó	*ó* [ɔuː]	/œ/	/ɔuː/
U, u	*u* [uː]	/ʊ/	/uː/
Ú, ú	*ú* [ʉuː]	/ʏ/	/ʉuː/
Y, y	*seinna i* [ˈsaiːdna iː] ("rear i")	/ɪ/	/iː/
Ý, ý	*seinna í* [ˈsaiːdna ʊiː] ("rear í")	/ʊi/	/ʊiː/
Æ, æ	*seinna a* [ˈsaiːdna ɛaː] ("rear a")	/a/	/ɛaː/
Ø, ø	*ø* [øː]	/œ/	/øː/
Outras vocais			
ei	-	/ai/	/aiː/
ey	-	/ɛ/	/ɛiː/
oy	-	/ɔi/	/ɔiː/

Consoantes


Disposición dun teclado en lingua feroesa.

	Labial	Apical	Post-alveolar	Palatal	Velar	Glotal
oclusiva	p pʰ	t tʰ			k kʰ	
Africada			tʃ tʃʰ			
Fricativa	f v	s	ʃ			h
Nasal	m	n		ɲ	ŋ	
Approximant	w	l	ɹ	j		

Gramática

Como lingua escandinava occidental, a lingua feroesa está relacionada coa islandesa e a varios dos dialectos noruegueses occidentais e se desenvolveu a partir da lingua falada polos noruegueses que colonizaron as illas ata o século IX. Aínda que haxa variantes significativas na pronuncia de illa a illa non hai verdadeiras variantes dialectais. É notable polos varios ditongos desenvolvidos das antigas e simples vocais.

Os substantivos

Os substantivos teñen variacións fortes e fracas. Coma no antigo noruegúes e coma no islandés o feroés ten tres xéneros:

- *kallkyn* (k.) - masculino
- *kvennkyn* (kv.) - feminino
- *hvørkikyn* (h.) - neutro

conta tamén con catro casos:

- *hvørfall* (hvrf.) - nominativo
- *hvønnfall* (hvnf.) - acusativo
- *hvørjumfall* (hvmf.) - dativo
- *hvørsfall* (hvsf.) - xenitivo

e dous números

O artigo determinado singular masculino e feminino é *hin* e neutro *hitt*, con formas plurais *hinir, hinar* e *hini*.

Os numerais

Número	Nome	Pronunciación
0	null	[null]
1	ein ein eitt	[ain] [ain] [aitt]
2	tveir tvær tvey	[tvair] [tvæar] [tvei]
3	tríggir tríggjar trý	[trudsjir] [trudsjar] [trui]
4	fýra	[fuira]
5	fimm	[fimm]
6	seks	[sæks]
7	sjey	[sjei]
8	átta	[åtta]
9	níggju	[nuddsju]
10	tíggju	[tuddsju]
11	ellivu	[æddlu]
12	tólv	[tøl]
13	trettan	[trættan]
14	fjúrtan	[fjysjtan]
15	fimtan	[fimtan]
16	sekstan	[sækstan]
17	seytjan	[seitsjan]
18	átjan	[åatsjan]
19	nítjan	[nuitsjan]
20	tjúgu	[tsjyuvu]
21	einogtjúgu	[ainotsjyuvu]
30	tretivu	[treddvu]
40	fjøruti	[fjørti]
50	hálvtrýss	[håltrusj]
60	trýss	[trusj]
70	hálvfjerðs	[hålfjæsj]
80	fýrs	[fusj]
90	hálvfems	[hålfems]
100	(eitt) hundrað	[ait hundra]
101	hundrað og ein	[hundra o ain]
1000	(eitt) túsund	[ait tyusin]
1100	ellivuhundrað	[æddluhundra]
2000	tvey túsund	[tvei tyusin]
1 000 000	(ein) miljón	[ain miljoun]
2 000 000	tvær miljónir	[tvæar miljounir]

Os numerais ordinais

Os numerais ordinais de 1 a 10: *ein, tvær, tríggir, fýra, fimm, seks, sjey, átta, níggju, tíggju*; 11 *ellivu*, 12 *tólv*, 20 *tjúgu* 30 *tríati*, 40 *fýrati*.

Os pronomes persoais

Os pronomes persoais en terceira persoa distinguen xénero. Singular 1 *eg*, 2 *tú*, 3 *hann*, *hon*, *tað*; Plural 1 *vit*, 2 *tit*, 3 *teir, tær, tey*.

Pronomes persoais

Singular	1.	2.	3. *m*	3. *f*	3. *n*
Nominativo	**eg**	**tú**	**hann**	**hon**	**tað**
Acusativo	meg	teg		hana	
Dativo	mær	tær	honum	henni	tí
Xenitivo	mín	tín	hansara	hennara	tess
Plural	1.	2.	3. *m*	3. *f*	3. *n*
Nominativo	**vit**	**tit**	**teir**	**tær**	**tey**
Acusativo	okkum	tykkum			
Dativo			teimum		
Xenitivo	okkara	tykkara	teirra		

O demostrativo masculino e feminino é *tann*. O pronome relativo é *ið*/*sum*.

A orde da frase é SUXEITO, VERBO e OBXECTO.

Os verbos

Os verbos teñen:
Tres voces: activa, intemediaria e pasiva.
Modos: indicativo, subxuntivo e imperativo
Oito tempos: perfecto, imperfecto, pluscuamperfecto, futuro perfecto e pasado condicional. Os tempos presente e imperfecto son simples, os demais compostos.

Verbos auxiliares

- at vera - ser, estar
- at hava - haber, ter
- at verða - ser, chegar a ser
- at blíva - ser, chegar a ser

Verbos auxiliares

Infinitivo	1. **vera**	2. **hava**	3. **verða**	4. **blíva**

	Presente	Pretérito	Presente	Pretérito	Presente	Pretérito	Presente	Pretérito
eg	er**i**	var	hav**i**	hev**ði**	verð**i**	varð	blív**i**	bleiv
tú	er**t**	var**st**	hev**ur**	hev**ði**	verð**ur**	varð**st**	blív**ur**	bleiv**st**
hann, hon, tað	er	var	hev**ur**	hev**ði**	verð**ur**	varð	blív**ur**	bleiv
vit tit teir, tær, tey tygum	er**u**	vór**u**	hav**a**	høv**du**	verð**a**	vórð**u**	blív**a**	bliv**u**
Part.pas.prf		ver**ið**		hav**t**		verð**ið**		bliv**ið**

Verbos modais

- at kunna - poder (habilidade)
- at munna - querer
- at mega - poder, ter permiso
- at skula - querer
- at vita - saber, coñecer
- at vilja - querer, desexar

Verbos modais

Infinitivo 1. **kunna** 2. **munna** 3. **mega** 4. **skula** 5. **vita** 6. **vilja**

	Presente	Pretérito	Presente	Pretérito	Presente	Pretérito	Presente	Pretérito	Presente	Pretérito	Presente	Pretérito
eg	kann	kun**di**	man	mun**di**	má	má**tti**	skal	skul**di**	veit	vis**ti**	vil	vil**di**
tú	kan**st**	kun**di**	man**st**	mun**di**	má**st**	má**tti**	skal**t**	skul**di**	veit**st**	vis**ti**	vil**t**	vil**di**
hann, hon, tað	kann	kun**di**	man	mun**di**	má	má**tti**	skal	skul**di**	veit	vis**ti**	vil	vil**di**
vit tit teir, tær, tey tygum	kunn**u**/ kunn**a**	kund**u**	munn**u**/ munn**a**	mund**u**	mug**u**/ meg**a**	má**ttu**	skul**u**/ skul**a**	skul**du**	vit**a**	vist**u**	vilj**a**	vil**du**
Pf.ptc.pass.		kunn**að**		munn**að**		meg**að**		skul**að**		vit**að**		vilj**að**

Miniparlør og talord

- Ja [jɛaː] - sim
- Nei [naiː] eller [nɔiː] - não
- Jú [jʉuː] - jo, da vel
- Takk fyri [tʰaʰkː ˈfiɹɪ] - tak (for...)
  - ...seinast [ˈsaiːnast] - ...sidst
  - ...í kvøld [ʊiːj kfœlt] - ...i aften
  - ...vitjanina [ˈviˌtʃanɪna] - ...besøget
  - ...hjálpina [ˈjɔl̥pɪna] - ...hjælpen
  - ...lán [lɔɑːn] - ...lån
- Stóra tøkk [ˈstouːwɹa tʰœʰkk] - mange tak
- Orsaka [ˈɔʂɛaʰka] - undskyld
- Eingin orsøk [ˈɔɲtʃɪn ˈɔʂːøʰk] - ingen årsag
- Ger so væl,... [tʃeːɹ soː vɛaːl] - vær så venlig,... / værsgo
- Versgu [væsjgu] - værsgo
- Góðan morgun [gouwan morgun] - god morgen
- Góðan dag [gouwan dæa] - god dag
- Gott kvøld [gott kvøld] - god aften
- Hey [hei] - hej
- Halló [hallou] - hallo
- Væl gagnist [væal gaggnist] - velbekomme (svar på *manga takk* efter måltider, og bruges altid som hilsen, hvis man kommer ind et sted, hvor folk sidder og spiser)
- Hvussu gongur (gongst)? [kvussu gongur (gongst)] - hvordan har du / De / I det?
- Tað gongur væl, takk, og tygum / tær? [tæa gongur væal takk o tijun / tæar] - tak godt, og De / du?
- Hampiligt [hampilit] - ordentlig
- Farvæl - farvel (næsten som på dansk)
- Góða ferð [gouwa fer] - god rejse

- Vit síggjast [vit suddsjast] - vi ses
- Kanska [kanska] - måske
- Hvar er...? [kvæar er] - hvor er...?
- Kunnu tygum vísa mær tað á kortinum? [kunnu tijun vuisa mæar tæa åa kåsjtinun] - kan De vise mig det på kortet?
- Lat meg fáa hetta [læat me fåa hætta] - Lad mig få dette
- Eg vildi fegin havt... [e vildi fæjin haft] - Jeg vil gerne have...
- Hvussu nógv kostar hetta? [kvussu negv kåstar hætta] - Hvor meget koster det?
- Hvussu eita tygum / eitur tú? [kvussu aita tijun / aitur tyu] - Hvad hedder De /du?
- Eg eiti... [e aiti] - jeg hedder...
- Veðrið er ringt [vægri er ringt] - vejret er dårligt
- Tað er fitt [tæa er fitt] - det er meget godt, ordentligt, positivt
- Tað er í lagi [tæa er ui læaji] - det er i orden
- Tað veit eg ikki [tæa vait e ihtsj] - det véd jeg ikke
- Eg skilji ikki [e sjilji ihtsj] - jeg forstår ikke
- Hvat siga tygum? [kveat sija tijun] - hvad siger De?
- Ha? [ha:] - hvad? hvabehar? undskyld?
- Hvat heitur ... á føroyskum, donskum, enskum? [kvæat aitur ... åa føriskun, dånskun, ænskun] - hvad hedder ... på færøsk, dansk, engelsk?
- Eg eri úr Danmørk / Noregi / Svøríki [e eri yur danmørk / noregi / svøruitsji] - jeg er fra Danmark / Norge / Sverige
- Eg búgvi í Keypmannahavn [e bigvi ui tjeipmannahaun] - jeg bor i København
- Ert tú føroyingur? [esjt tyu føringur] - Er du færing?
- Eg tosi eitt sindur føroyskt [e tosi ait sindur førist] - jeg taler lidt færøsk
- Eg eri fyrstu (aðru, triðju, fjórðu, fimtu) ferð í Føroyum [e eri fistu (æaru, triju, fjouru, fimtu) fer ui førjun] - jeg er på Færøerne for første (anden, tredje, fjerde, femte) gang.
- Føroyskt er vakurt, men torført at læra (skilja) [førist er væakusjt mænn torføsjt æt læara (sjilja)] - Færøsk er smukt, men vanskeligt at lære (forstå)
- Føroyar dámar mær væl [førjar dåamar mæar væal] - Færøerne kan jeg godt lide

Exemplos sacados de: Richard Kölbl: *Färöisch Wort für Wort*, 2004 (edición en alemán)

Notas

1. Definicións no *Dicionario da Real Academia Galega* (http://academia.gal/dicionario/-/termo/busca/feroés) e no Portal das Palabras (http://portaldaspalabras.gal/dicionario/procura/feroés) para *feroés*.

Véxase tamén


Existe unha versión da Wikipedia en ***Lingua feroesa***


Vexa no Galizionario as palabras en ***Feroés***

Bibliografía

- V.U. Hammershaimb: *Færøsk Anthologi*. København 1891, Tórshavn 1991, 2. bind. (Annað bindi hefur m.a. færeyskt-danskt orðasafn með 10.000 uppsláttarorðum Jakob Jakobsen.
- W.B. Lockwood: *An Introduction to Modern Faroese*. Tórshavn 1977.
- J. Henriksen: *Kursus i Færøsk*. Tórshavn 1983 (2 bindi)
- Höskuldur Þráinsson, Hjalmar P. Petersen, Jógvan í Lon Jacobsen, Zakaris Svabo Hansen: *Faroese. An Overview and Reference Grammar*. Tórshavn 2004 ISBN 99918-41-85-7 (ny standardværk)

Ligazóns externas

- http://www.proel.org/
- http://www.ethnologue.com/